

A combinación do ecoloxismo e do feminismo supón unha fenda ao discurso neoliberal que cosifica á muller e a natureza, traendo consigo un novo relato de como atender ao presente, así como abre unha nova xanela na que comezar a construír pontes que procuren outros mundos nos que diluir as desigualdades contemporáneas. A rede REVOLTA, composta por oito grupos de investigación ao redor da agroecoloxía, organiza o **15 de marzo no Cárcere Vello de Lugo a Xornada Ecofeminismos e o Rural** co que pensar en aberto unha axenda de investigación.

A través deste encontro queremos abrir un espazo de debate e interacción entre a universidade e a sociedade co obxectivo de pensar que liñas de investigación abre o ecofeminismo, por iso facemos este convite aberto á participación. O encontro que comezará as 9:00 é coordinado polas profesoras Ana Cabana, Mar Pérez Fra e Elena Fernández Rodríguez e contará coa participación da profesora Beatriz Herrero Fernández, quen analizará o ecofeminismo como proxecto ético e político. Posteriormente a poeta e veterinaria María Sánchez analizará as comsmovisións no rural, coa investigadora e activista Araceli Macías e a secretaria do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, abordaremos as novas formas de ler as comunidades e a produción. Tralo descanso, a profesora Mar Pérez Fra analizará xunto a unha representante da Comunidade de Montes de Romiraz (Abadín) as comunidades de montes e coa investigadora Elena Fernández e gandeira Nieves Fernández observaremos a importancia de resituarse e atender o cotiá e os tempos no rural. Co Encontro Ecofeminismos e rural procuramos abrir un espazo de debate na universidade co que atender ás demandas que a sociedade ten ao redor dos desafíos que o ecofeminismo incorpora.

A xornada aberta, que conta coa colaboración do Concello de Lugo, rematará ás 14:00 farao cun exercizo de relatoría sobre as principais liñas destacadas ao longo do encontro. Á vez o encontro será grabado en vídeo co obxectivo de que todas as persoas interesadas podan achegarse aos contidos. Para **aquelas que desexen acudir ao encontro, teñen que enviar un email a [rede.revolta@usc.es](mailto:redes.revolta@usc.es)** indicando o o seu nome e apelidos.

O PROGRAMA DA XORNADA:

9:00- 9:30 APERTURA DE PORTAS

9:30 PRESENTACIÓN

Por **Ana Cabana, Mar Pérez Fra e Elena Fernández Rodríguez**

9:40 PALESTRA *O ECOFEMINISMO COMO PROXECTO ÉTICO E POLÍTICO*

Pola Profesora da USC **Beatriz Herrero Fernández**

10:00 CONVERSA *LER AS COMUNIDADES*

Pola Profesora da USC (HISTAGRA) **Ana Cabana** e a poeta e veterinaria **María Sánchez**

10:30 CONVERSA *LER AS COMUNIDADES E A PRODUCCIÓN*
Pola investigadora **Araceli Macías** e secretaria do SLG **Isabel Vilalba**

11:15 DEBATE

11:45 DESCANSO

12:00 CONVERSA *LER A TERRA*
Pola Profesora da USC (ECOAGRASOC) **Mar Pérez Fra** e unha representante do monte veciñal en man común de Romariz (Abadín)

12:30 CONVERSA *LER O COTIÁ E OS TEMPOS*
Pola profesora da USC (AGRONOMÍA) **Elena Fernández** e a gandeira **Nieves Fernández**

13:00 DEBATE

13:30 *RELATORIA A MODO DE "CONCLUSIÓNS"*